

O Complejo Ambiental Miramontes rexeita a teatralización política dunha cuestión ambiental importante

*Reiteran que os procesos realizados nas instalacións contan con tódalas
autorizacións administrativas e ambientais precisas, boa parte delas
concedidas cando o BNG formaba parte do goberno local e da Xunta*

*Defenden que ás actividades vencelladas ó plan de restauración do antigo
oco mineiro apenas lle restan tres anos á par de ser sostibles*

Santiago, 15 de xuño de 2017

O Complejo Ambiental Miramontes rexeita, por pouco documentadas e irreais, as críticas – que tras oito anos de actividade – veñen sendo realizadas pola agrupación local do Bloque Nacionalista Galego nás ultimas semanas... Unhas acusacións que, de novo, como xa aconteceu en días pasados, caen en incorreccións á hora de facer referencia ós procesos que se levan a cabo no complexo e que se afastan, en gran medida, da realidade destas instalacións. Dende a xestión do complexo poñéñse a disposición do BNG, como se vai facer cos grupos políticos de Parlamento e Concello, para aportar tanta información sexa precisa, que poña fin a unha dramatización política, dunha actividade ambiental imprescindible, finita no tempo e precisa para a restauración ambiental do oco mineiro no que se desenvolve.

Tal e como ven corroborando, en repetidas ocasións logo destes inxustificadas e incongruentes reproches, o Complejo Ambiental Miramontes, situado na parroquia compostelá de Grixoa, conta con tódalas autorizacións administrativas e ambientais preceptivas tanto de ámbito municipal como autonómico precisas para os procedementos que desenvolven neste espazo e que inclúe tanto a extracción de áridos naturais como o proxecto de recheo do antigo oco mineiro, agora en desuso.

Un proceso, este último, no que ademais, **cóntase con tódolos permisos necesarios xa dende a súa posta en marcha no 2008** así como as correspondentes licenzas, boa parte delas concedidas cando o propio BNG formaba parte tanto do goberno da Xunta de Galicia coma da administración local compostelá.

Uso partidista e interesado

“Confiamos nunha rectificación e que a iniciativa do BNG no Parlamento de Galicia e a súa intervención hoxe no pleno municipal, serva para aportar información e clarificar a situación.. non para sementar dudas de xeito malintencionado e manipulador da realidade técnica e ambiental” apuntaron dende o Complejo Ambiental Miramontes. Á par que lamentaron que se queira facer un “uso partidista e interesado destas instalacións, alegando que se atopan fora da legalidade” cando tanto as autorizacións en regra como as inspeccións e controis periódicos ós que se someten demostran que cumpre tódolos requisitos. Abonda recordar que, a raíz desta denuncia por parte do Bloque Nacionalista Galego, técnicos especializados da Xunta visitaron o complexo para comprobar os procedementos. Unha inspección que rematou coa entrega, en días pasados, das actas nas que NON figura nin unha sola imputación sobre a existencia de irregularidades en canto ós procedementos que seguen no vertedoiro obxecto das críticas e denuncias.

Estes “intentos á desesperada”, logo de oito anos, por manchar a xestión e as actuacións de restauración que se levan a cabo nas instalacións xa contabilizaron varios casos frustrados, logo de que quedara demostrada a solvencia e a adecuación dos procedementos que no complexo se efectúan, sendo incluso exemplares polas súas medidas de protección para evitar a contaminación dos solos ou das augas.

Actuación temporal e de restauración ambiental

A canteira de Miramontes, integrada neste complexo, desenvolveu unha actividade histórica de explotación de áridos ó longo dos anos o que provocou un importante impacto paisaxístico sobre o entorno. Por este motivo, na actualidade, conta cun plan de restauración das superficies afectadas pola actividade mineira que chegaron ó final do seu ciclo de explotación. O plan de restauración, é por lei, unha responsabilidade da propia canteira nos seus orixes.

Este plan incorpora entre os seus principais obxectivos: a integración ambiental e paisaxística destas zonas degradadas para dotalas das condicións básicas para posibilitar a reintegración destas superficies no ecosistema, dunha maneira sostible. Un plan ó que **apenas lle restan 3 anos de vida** para chegar á cota de restauración total do antigo oco mineiro. De feito, xa se levaron a cabo restauracións parciais de determinadas zonas desta área danada.

Ademais, dende o Complejo Ambiental Miramontes, recordan que se trata dunha actuación sostible, posto que unha vez alcanzada a curva de recheo correspondente á zona do vertedoiro, restáurase ambientalmente para seguir as curvas do terreo. Neste senso, destacar que, en concreto estas actividades, como calquera actividade humana e calquera actividade de recuperación de espazos degradados, poden xerar impactos e molestias puntuais ós veciños máis próximos, que, en todo caso, veranse recompensados cando estes espazos degradados sexan recuperados e postos ó servizo da cidadanía.

Estas actividades que se desenvolven na canteira, ó amparo do plan de restauración, teñen de maneira global un impacto positivo a longo prazo sobre o entorno ó permitir recuperar zonas que doutra maneira estarían condenadas á perpetuidade sen vida, e con problemas de erosión e xestión de augas. Unhas actuacións que á par están recollidas no plan de restauración do antigo espazo mineiro e que contan coa aprobación da Consellería de Innovación e Industria. Ademais, co gaio de mitigar estas molestias, derivadas na súa meirande parte dos cheiros e do tráfico rodado detectadas nos últimos tempos, o Complejo Ambiental

Miramontes puxo en marcha un *Programa Integral de Mellora de Operacións* que busca minimizar o impacto ou molestias na contorna da actividade de xestión de residuos non perigosos que alí se realiza dende 2008.

Alternativa sostible a certos residuos

Esta infraestrutura forma parte dos medios de tratamentos de residuos non perigosos dos que dispón Galicia, apenas media ducia de instalacións, que realizan o tratamento de residuos ós que, polo momento, non se lles coñece a posibilidade de darlle unha nova vida útil mediante a reciclaxe. Estes tratamentos configuran a alternativa actual e viable medioambientalmente para que aí inertizados eviten o seu contacto co medio ambiente e así impedir, de igual xeito a contaminación de acuíferos ou outros espazos.

As firmas que vertebran o complexo

No Complejo Ambiental Miramontes encádranse na actualidade tres actividades empresariais coordinadas pero independentes:

-Por un lado, continúa a súa labor a canteira de extracción de áridos naturais de orixe granítico e con destino a particulares e empresas no sector da construción.

Ó amparo deste plan de restauración e coas autorizacións ambientais e administrativas necesarias desenvólvense dúas actividades de xestión e valorización de residuos, que teñen como fin a recuperación do espazo, coordinados pola UTE EYREGA.

-Un vertedoiro de residuos industriais non perigosos que se sitúa no antigo oco mineiro en restauración do xacemento de cuarzo que fai anos existía nesta canteira. As actividades que se desenvolven concrétanse nun depósito de seguridade para a xestión de residuos non perigosos, que resolve o problema do recheo dun oco mineiro de máis de 500.000 m³ de volume. Un espazo, que

ademais, dispón dunha impermeabilización artificial para evitar a contaminación de augas pluviais.

-Unha planta de elaboración de solos artificiais (TECNOSOLOS GALAICOS) para a restauración medioambiental do oco mineiro unha vez situadas as antigas curvas de terreo. Procedementos estes que permitirán prover dunha terra vexetal, procedente da valorización de residuos orgánicos, coa que dotar as antigas zonas mineiras dun substrato (de cobertura) que posibilite a implantación dunha cuberta, natural e sostible, de carácter arbustiva e arbórea que asegure a incorporación destas zonas ó ecosistema (e curvas de solo) orixinal da zona.

-A instalación complementábase cunha moderna planta de tratamento de lixiviados e efluentes líquidos que son depurados. Todo o perímetro está dotado, ademais, dunha rede de piezómetros que analizan as filtracións de auga e as calidades da mesma para garantir que non se producen alteracións e ningún tipo de contaminación.

Garantías de calidade e control

O Complejo Ambiental de Miramontes dispón da correspondente licenza municipal, a favor de Cantera de Miramontes, para o desenvolvemento das tres actividades produtivas –extracción, restauración e recuperación ambiental- que na actualidade se están a levar a cabo no complexo. Así mesmo, tamén se dispón das correspondentes Autorizacións Ambientais Integradas de canteira e vertedoiro, o que implica un seguimento exhaustivo da actividade e inspeccións periódicas que avalían estes.

Así, en concreto a actividade da xestión de residuos no depósito de seguridade lévase a cabo cos máis altos estándares ambientais europeos, sendo esta instalación referente para o sector tanto a nivel autonómico como estatal, ademais de superar os requirimentos que fixa a lexislación de ámbito europeo, estatal e autonómico e contar con tódalas autorizacións necesarias.

A instalación conta con Autorización Ambiental Integrada, autorización que obriga a velar polo cumprimento de valores moi restritivos, e na xestión das augas pluviais e residuais, nas súas emisións atmosféricas e na conservación da calidade do solo onde se asenta a actividade. Trátase dun depósito de seguridade (perfectamente illado do chan) no que só se depositan residuos autorizados pola Administración. Conta ademais con procedementos de osmose inversa - a máis avanzada tecnoloxía-, decantación e filtrado que permiten a depuración e vertido das augas cunha calidade igual, e en casos superior á dos cursos fluviais do entorno.

Visitas ás instalacións

Co gaio da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, o pasado 5 de xuño, o Complejo Ambiental Miramontes, iniciou un calendario de xornadas de portas abertas e visitas guiadas ás súas instalacións. Unha proposta coa que pretende que, tanto veciños como comunicadores ou calquera persoa que o desexe, poidan coñecer de primeira man o complexo medioambiental e os diferentes procedementos que nel se levan a cabo diariamente con tódalas garantías.

Nestes percorridos, os visitantes están acompañados, en todo momento, de técnicos do complexo que lles ofrecen, de xeito directo e próximo, respostas a moitas das cuestións sobre os tratamentos e as actividades que se desenvolven neste recinto. Un programa de visitas que continuará mentres exista demanda delas por parte de calquera veciño ou persoa interesada na cuestión e as cales se deben concertar a través do formulario da páxina web do complexo www.camiramontes.gal.

A actividade convértese nun punto de encontro e diálogo entre as empresas que conforman o Complejo Ambiental Miramontes e os veciños da zona. Unha oportunidade de comunicación real, que pon sobre a mesa as intencións de

garantir un entendemento cos veciños máis próximos por parte das firmas que integran o complexo.

Saludos, Benito G.Carril

DIRCOM

Complejo Ambiental Miramontes

Lugar de Miramontes s/n Grixoa

Santiago de Compostela

www.camiramontes.gal

656725594